

Concello de Chantada (Lugo)

DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS - Praza de Galicia s/n, Edif. Multiusos 1º
Teléf. 982462299 – Fax 982440234 – serviciossociais@concellodechantada.org

Jesús Ildefonso García López, traballador social do Concello de Chantada con número de Colexiado 2858, en relación co programa de axuda no fogar,

INFORMO QUE:

A situación actual do servizo é a seguinte,

SAF DEPENDENCIA				
Horas asignadas mensualmente pola Xunta de Galicia	Horas efectivamente prestadas (setembro 2019)	Horas días laborables (setembro 2019)	Horas festivos e fins de semana (setembro 2019)	Nº de persoas usuarias
3.985	3.205	3.108	97	86
SAF PRESTACIÓN BÁSICA				
0	199	199	0	17

-Lista de agarda de saf dependencia: 66 persoas.


Grao III: 10

Grao II: 20

Grao I: 36

-Lista de agarda de saf básica: solicitudes pendentes de valoración debido a que non se poden dar máis altas nesta modalidade mentres non se cubran todas as horas de dependencia.

O Concello de Chantada conta este ano cun total de 28 postos de auxiliares de axuda no fogar a xornada completa para a prestación do servizo. Indicar que na actualidade xa non temos a ninguén dispoñible na bolsa de traballo para a cobertura de baixas, permisos, vacacións, etc, das traballadoras, o que reflicte unha falta de persoal cualificado que implica dificultades para prestar axeitadamente o servizo de axuda no fogar. Neste sentido, o Concello de Chantada implementou as medidas oportunas para manter este programa básico contratando os servizos dunha empresa externa para cubrir as ditas incidencias, xa que como Administración Pública non pode acudir ao Sepe para realizar contratacións de persoal directas.



Concello de Chantada (Lugo)

DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS - Praza de Galicia s/n, Edif. Multiusos 1º
Teléf. 982462299 – Fax 982440234 – serviciossociais@concellodechantada.org

A franxa horaria na que se está a prestar o servizo, tendo en conta os últimos meses, vai dende as 8:30 até as 21:00 h de luns a venres e no que respecta a fins de semana e festivos, comézase ás 8:15 no primeiro domicilio até as 19:15 h., horario da última persoa usuaria. Dende este Departamento considérase que debe de existir flexibilidade na prestación do servizo e que se debe de intentar cubrir unha franxa entre as 8:00 e ás 22:00 h, aínda que hai que ter en conta a dispoñibilidade de persoal para un horario concreto, así como o criterio das persoas usuarias e familiares á hora de fixar os días e horarios correspondentes, que na gran maioría das ocasións demandan o servizo de luns a venres entre as 9:00 - 14:00 h e entre as 16:00 – 18:00 h.

Para prestar o servizo as fins de semana e festivos existe rotación de persoal, sendo a única maneira de poder desenvolve-lo eficientemente. Existen dous cuadrantes e se ben o servizo se lle presta por quendas de parellas de auxiliares, sempre adoitan a ir as mesmas traballadoras aos mesmos domicilios para minimizar, na medida do posible, o impacto que poida causar na persoa usuaria. Na anualidade 2019 temos a dúas auxiliares para cubrir os descansos que lle corresponden ao persoal que traballa as fins de semana e festivos, así como para cubrir permisos, días de asuntos propios e posibles eventualidades que xurdan no desenvolvemento diario do servizo de axuda no fogar. Dende o Concello xa se tivo contratado a persoal para traballar só as fins de semana e festivos, pero acabaron presentando a renuncia ao posto, o que provocou unha serie de incidencias que repercutiron negativamente na calidade do servizo e na atención das persoas usuarias; esta opción desbotouse nos diferentes procesos selectivos posteriores.

Tamén existen dificultades para axustar debidamente a intensidade horaria de prestación do servizo nos domicilios, dado que leva consigo cambios en todos os horarios mensuais das auxiliares.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino este informe.

Chantada, 4 de novembro de 2019

O traballador social

